



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación Bases reguladoras axudas escolarización curso 2021-2022

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 23 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 20 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Vistas as Bases Reguladoras das Axudas para a Escolarización de Menores no Concello de Coristanco curso 2020-2021 que constan como documentación necesaria no expediente 2021-G003-0000838 e se detallan a continuación.

Vistos os artigos 52 e seguintes das Bases de Execución do Orzamento do Concello de Coristanco para o ano 2021.

Visto o informe da Intervención Municipal que determina a existencia de crédito para a antedita finalidade.

Vistas as miñas facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, de 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras das Axudas para a Escolarización de Menores no Concello de Coristanco curso 2021-2022 co seguinte contido literal:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DE MENORES NO CONCELLO DE CORISTANCO CURSO 2021-2022

1. OBXECTO.

É obxecto destas bases regular as axudas para a escolarización de menores do Concello de Coristanco, que consisten nunha subvención de libros e/ou parte do material escolar e/ou roupa e calzado deportivo, e/ou mascarillas, para o curso 2021-2022, para aquelas familias que se atopen en condicións económicas e sociais desfavorables do termo municipal de Coristanco.

2. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán ser beneficiarios/as todos/as os/as escolares que durante o ano 2021-2022, cursen estudos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria nos Centros de Ensino Público no termo municipal de Coristanco, que formen parte de unidades familiares que se atopen incluídos en programas de intervención familiar dos Servizos Sociais municipais ou que non estando inicialmente incluídos nestes programas os ingresos das súas unidades familiares non superen as cantidades que se recollen na táboa da base terceira das presentes bases.

3. REQUISITOS.

- Que o/a menor estea empadroadado no Concello de Coristanco.
- Non superar o límite de ingresos que se recolle na seguinte táboa.

Os ingresos calcularanse sumando a base imponible xeral e especial da declaración da renda das persoas físicas do ano 2020 de todos os membros da unidade familiar.

Excepcionalmente as persoas que no ano 2021 veranse afectadas por ERTes ou no caso de autónomos ou réximes especiais que cesaran a súa actividade ou reduciran os seus ingresos en mais dun 75 %, poderán solicitar que se teña en conta a súa situación económica actual e non a derivada da declaración da renda do ano 2020.

NÚMERO MEMBROS UD FAMILIAR	INGRESOS
Familias de 2 membros	19.950,00 €
Familias de 3 membros	29.925,00 €
Familias de 4 membros	39.900,00 €
Familias de 5 membros	49.875,00 €
Familias de 6 membros	59.850,00 €
Familias de 7 membros	69.825,00 €
Familias de 8 ou mais membros	79.800,00 €

4. TRAMITACIÓN.

a) Solicitudes:

As solicitudes faranse segundo o modelo oficial que figura como Anexo I destas bases e presentarase preferentemente de xeito telemático a través da Sede Electrónica municipal (www.coristanco.gal).

Neste caso será necesario cubrir o modelo de solicitude, imprimilo e xuntar a documentación requirida.

Farase unha solicitude individual por cada neno/a aínda que pertencen á mesma unidade familiar

b) Documentación que achegar xunto á solicitude:

* Fotocopia do DNI do membro da familia que solicite en nome do da alumno/a.

* Fotocopia do Libro de Familia.

* Fotocopia da Declaración da Renda das Persoas Físicas correspondente ao exercicio 2020, ou xustificante de non tela presentada, cando en virtude da lexislación vixente non estea obrigado a facela.

Neste caso ademais deberá achegar unha declaración xurada da totalidade dos ingresos brutos anuais da unidade familiar.

* De ser o caso, acreditación de estar afectado/a por un ERTE ou, non caso de autónomos, xustificante de cese de actividade ou redución de ingresos en mais dun 75 %.

* De non autorizar a consulta, xustificante de empadramento.

c) Prazo de presentación:

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar a partir do seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP

5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A efectos de valorar as solicitudes presentadas, teranse en conta os seguintes criterios:

- Considerarase unidade familiar a formada polos pais e fillos menores da dezoito anos, ou maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente.

- No caso de familias monoparentais, familias numerosas ou familias nas que algún membro da unidade familiar acredite ter recoñecida dependencia ou discapacidade igual ou superior ao 33%, e para os efectos do cálculo da renda anual á que se refire a base terceira destas bases, incrementarase en 1 o número real de membros da unidade familiar.

- A condición de familia monoparental acreditarase mediante certificado expedido pola Xunta de Galicia ou no caso de non ser posible por mor dalgún atraso na tramitación administrativa, será necesario presentar a documentación necesaria que evidencie estar en disposición de obtelo.

- Segundo o disposto nos artigos 38 a 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral de violencia de xénero na contorna familiar, quedarán excluídos do cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

6. CONTÍA A RECIBIR-

As axudas a percibir por cada familia, consistirán nunha cantidade máxima total de **100 euros por familia e neno en idade escolar no curso 2021-2022 segundo o disposto na base 2 respecto dos beneficiarios da axuda**, a cal pode ser concedida ao 100 % ou ao 50 % segundo o número de membros e ingresos computables da unidade familiar do xeito que se detalla a continuación:

* Familias de 2 membros:

- Ata 10.830 €= 100 % axuda.
- De 10.830,01 € a 19.950= 50% axuda.

* Familias de 3 membros:

- Ata 17.100 €= 100 % axuda.
- De 17.100,01 € a 29.925 €= 50 % axuda.

*Familias de 4 membros:

- Ata 26.800 €= 100% axuda.
- De 22.800,01 € a 39.900 €= 50% axuda.

*Familias 5 membros:

- Ata 28.500 €= 100 % axuda.
- De 28.500,01 € a 49.875 €= 50 % axuda.

* Familias de 6 membros:

- Ata 34.200 €= 100% axuda.
- De 34.200,01 € a 59.850 = 50 % axuda.

* Familias de 7 membros:

- Ata 39.900 € = 100 % axuda.
- De 39.900,01 € a 69.825 €=50 % axuda.

* Familias de 8 ou mais membros

- Ata 45.600 €= 100 % axuda.
- De 45.600,01 € a 79.800 €= 50 % axuda.

Dado o carácter finalista das achegas contempladas nestas bases, en ningún caso o importe da achega concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/pola beneficiario/a en concepto de libros, material escolar, roupa e calzado deportivo.

En consecuencia o beneficiario deberá achegar facturas do gasto efectivamente realizado nestes conceptos e por un importe igual ou superior a achega concedida.

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS:

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán valoradas a totalidade das solicitudes efectuadas no departamento de Servizos Sociais Municipais, que emitirán un informe con proposta de concesión/denegación e o importe correspondente, do que darase traslado para a súa aprobación polo órgano competente.

Unha vez concedidas as achegas notificaranse aos beneficiarios para que no prazo máximo dun mes desde a data da recepción da notificación acheguen ao Concello a aceptación da subvención e as facturas orixinais do gasto efectivamente realizado en libros, material escolar e/ou roupa e calzado deportivo por un importe igual ou superior ao 100 % da achega concedida.

As facturas xustificativas poderán corresponderse con gastos realizados desde o 1 de agosto do 2021 ate a data máxima de xustificación das achegas segundo o disposto no parágrafo anterior.

No prazo máximo dun mes desde a recepción desta documentación, e unha vez completos os expedientes, darase traslado de todas as solicitudes á Intervención Municipal para a súa fiscalización e posterior pagamento das achegas aos beneficiarios.

9. INCUMPRIMENTO E REINTEGRO DAS ACHEGAS:

De conformidade co disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da achega ate a data que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obtención da axuda falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obrigaón de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia e no caso das normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obrigaón de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, excusa, obstrucción ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas en los artículos 11 y 12 da Lei 9/2007.
- f) Incumplimiento de las obligaciones impuestas por la administración a las entidades colaboradoras y beneficiarios, así como de los compromisos por éstos asumidos, con motivo de la concesión de la subvención, siempre que afecten o se refieran al modo en que se consiguen los objetivos, se realiza la actividad, se ejecuta el proyecto o se adopta el comportamiento que fundamenta la concesión de la subvención.
- g) Incumprimento das obrigaóns impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da UE, dunha decisión da que se derive unha necesidade de reintegro.
- i) Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

10 . DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Para todas as cuestións non previstas nas presentes bases será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento.

11. DISPOSICIÓN FINAL.

As presentes axudas concederanse ate o límite do crédito orzamentaria previsto para este finalidade na aplicación 2021.231.48000

No caso de que a contía das achegas solicitadas supere o importe do antedito crédito orzamentario, ordenaranse as solicitudes presentadas de menor a maior importe da suma total da Base Imponible Xeral e Especial segundo o disposto na base 3 das presentes para o cálculo do límite de ingresos.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia aos efectos da súa publicidade e inicio do cómputo do prazo para a presentación de instancias.

Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, o 15 de setembro de 2021.

2021/6886